ENCONTROS MONOGRÁFICOS CO PATRIMONIO CULTURAL 28

# Epigraphica 3.0

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Martes, 2 de xullo de 2019







EPIGRAPHICA 3.0



CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Esta reunión ten como obxecto presentar os resultados da investigación e as principais contribucións en materia de preservación e socialización do patrimonio epigrá co galego de época romana pertencentes ao proxecto “Epigraphica 3.0: Cara á creación e deseño dun corpus dixital de inscricións romanas da provincia de Ourense”. Financiado pola Xunta de Galicia (2017-2019) e concibido como unha ferramenta innovadora ao servizo da investigación histórica, a accesibilidade dunha parte dos bens culturais galegos, e a plani cación de políticas patrimoniais orientadas á súa conservación e posta en valor, Epigraphica 3.0 aplicou por vez primeira de forma sistemática as tecnoloxías dixitais nos estadios de documentación, análise e difusión das inscricións romanas de Galicia, en concreto da provincia de Ourense. O resultado é un corpus en liña e en open access que combina o uso da metodoloxía epigrá ca tradicional co emprego de novas ferramentas ao servizo da investigación epigrá ca: a fotogrametría SfM, o modelado 3D, o procesamento dixital de imaxes, o desenvolvemento dunha base de datos relacional e a programación web. Todo iso permite un acceso universal e interactivo á información epigrá ca mediante un motor de busca avanzada, un visor cartográ co e un visor de modelos 3D, así como a descarga da información textual e grá ca de cada inscrición. No ámbito da preservación do patrimonio cultural, Epigraphica 3.0 procura paliar algúns dos efectos negativos que certos problemas estruturais, como o despoboamento e o envellecemento demográ co, e de investigación epigrá ca, como a mala lexibilidade das inscricións en granito, ocasionan no coñecemento e a conservación das epígrafes romanas, establecendo unhas bases documentais máis sólidas e precisas para a realización de futuras investigacións históricas sobre a presenza romana en Galicia.

## PROGRAMA

17:00 horas
Presentación
**Rosario Álvarez**, presidenta do Consello da Cultura Galega
**Sandra Quintas Vázquez**, xefa territorial da Consellería de Cultura e Turismo en Ourense, Xunta de Galicia

17:15 horas
Presentación do proxecto Epigraphica 3.0
Un novo corpus dixital de inscricións romanas da provincia de Ourense

**David Espinosa Espinosa**, director cientí co e especialista en epigrafía romana, Universidade de Santiago de Compostela

**Miguel Carrero Pazos**, especialista en fotogrametría e modelado 3D, Universidade de Santiago de Compostela

**Borja Paz Rodríguez**, especialista en programación e desenvolvemento web Tecnoloxías Plexus

18:30 horas
Mesa redonda e debate
Introduce e modera: **Pedro López Barja de Quiroga**, profesor titular de Historia Antiga, Universidade de Santiago de Compostela

**ORGANIZA**
Sección de Patrimonio e Bens Culturais (CCG)
Consello da Cultura Galega

**COORDINA**
Rebeca Blanco-Rotea

**LUGAR**
Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

**INSCRICIÓN**
A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.
Entregarase diploma acreditativo de asistencia ao encontro.
Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

**MÁIS INFORMACIÓN**
www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en http://consellodacultura.gal/mediateca

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA